

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE FEBREIRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. de Ribadavia o día nove de Febreiro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 26 de Xaneiro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Secundino Vázquez Gómez, veciño desta Vila, con domicilio na Pza. Magdalena, 1, no que interesa darse de baixa dun posto adicado a carnicería que viña rexentando dende hai tempo, sito na planta alta da Praza de Abastos desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

Visto o escrito de Miguel Angel Savino, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Travesía do Ribeiro, portal 1, 1º B, no que desexa lle quede anulada a licencia para a execución de obras

concedida por esta Comisión con data 18 de Outubro de 1989, e ó non haberse realizado, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado e, por conseguinte tamén á anulación da correspondente liquidación practicada a tal efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno coñece os seguintes:

Resultados das análises normais das augas de consumo público de San Paio, emitidos pola farmaceutica titular.

Partes semanais (dous) de cloración de augas de abastecemento de consumo público de Ribadavia, emitidos pola farmaceutica titular.

Partes semanais (dous) de cloración de augas de abastecemento de consumo público de San Paio, emitidos pola farmaceutica titular.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo adianto do aboamento da Casa de Cultura, por importe de 12.000.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a unha certificación da obra "Iluminación pública no Casco Histórico de Ribadavia", 1ª fase, AMPLIACION DE OBRA, por importe de 1.128.328 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a unha certificación da obra "Iluminación pública no Casco Histórico de Ribadavia", 1ª fase, por importe de 5.784.552 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de cinco facturas presentadas por Autocares González S.L. por desprazamentos varios con membros do Club de Xubilados, por importe total de 120.400 pesetas.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda

conceder unha subvención pola participación con carrozas na Cabalgada de Reis 95, ás seguintes Asociacións: Asociación Os Paragueiros, de Ribadavia, por importe de 110.000 pesetas; Asociación A.P.A de Ribadavia, por importe de 110.000 pesetas; Asociación O Lostrego de San Paio, por importe de 110.000 pesetas; Asociación Veciños de San Cristovo, por importe de 110.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención pola actuación na Cabalgata de Reis 95, ós grupos de gaitas seguintes: Gaiteiros O Lostrego de San Paio, por importe de 20.000 pesetas; Xente Nova de Francelos, por importe de 20.000 pesetas; Penalonga de Quins, por importe de 20.000 pesetas; Gaitas de Arnoia, por importe de 20.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 200.000 pesetas á Asociación Nos de San Cristovo, pola súa participación no Belén "vivente" e tamén na Cabalgata do 95.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 25.000 pesetas á Asociación Os Paragueiros pola participación no Nadal pasado coa figura de "Papa Noel".

A Comisión Municipal de Goberno, ó abeiro da Orde do 2 de Xaneiro pasado, da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, pola que se regulan as subvencións a Concellos para o fomento e realización de actividades xuvenís, acorda solicita-la subvención correspondente, facultando ó Sr. Alcalde para asinala petición de acordo co programa de actividades a desenvolver que se achega ó expediente.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda acoller á Orde do 9 de Xaneiro de 1995, da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, para a programación de accións de formación ocupacional do Plan FIP na nosa Comunidade Autónoma, para as seguintes actuacións: Albañil, Cociñeiro e Gerente de PYME, prestando aprobación á documentación técnica correspondente e facultando ó Sr. Alcalde para que leve a cabo tódolos trámites sobre o particular.

A Comisión Municipal de Goberno, ó abeiro da Orde do 2 de Xaneiro pasado, da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, pola que se regulan as subvencións a Concellos para a creación e funcionamento de servizos de información xuvenil, acorda solicita-la subvención correspondente, facultando ó Sr. Alcalde para asinala petición de acordo co programa de actividades a

desenvolver que se achega ó expediente".

Visto un escrito do Instituto Nacional de Emprego sobre publicación no B.O.E. con data 14 de Marzo de 1994 da Orde do 2-3-94 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións polo INEM no ámbito de colaboración coas Corporacións Locais para a contratación de traballadores desempregados a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acollerse á dita Orde para os seguintes traballos: Acondicionamento e axardinamento no Conxunto Santo Domingo e tamén no Castelo; Actuacións Marxes río Outeiro, e Actuacións no Encoro.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as nove e corenta e cinco minutos da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.